



# BASES REGULADORAS DO CONCURSO

## ENTROIDO VIRTUAL DE SADA 2021



### 1. OBXECTO

É obxecto das presentes bases regular o concurso do Entroido Virtual de Sada 2021, organizado pola Concellería de Cultura do concello de Sada.

### 2. PARTICIPANTES

**2.1.** Poderán participar todas aquelas persoas interesadas, de xeito individual ou colectivo, que se atopen empadroadas en Sada, sen límite de idade. O padrón será revisado de oficio.

**2.2.** No caso de participación de persoas menores, unha persoa adulta deberá facerse cargo sa súa representación, cumprimentando o apartado específico para tal fin no formulario de inscrición.

**2.3.** Poderase participar en calquera das 3 categorías ou en todas elas, sen límite de participacións. Podéndose optar a tres premios diferentes en cada unha delas. As categorías son as seguintes:

- Categoría Chirigotas
- Categoría Tik Tok
- Categoría BalcónsEntroideiros

### 3. INSCRICIÓN

**3.1.** A inscrición poderá realizarse cubrindo un formulario no que se recollerán os datos necesarios, como título do vídeo ou fotografía, número de compoñentes, categoría de concurso, temática dos disfraces, etc.

- O formulario estará dispoñible para cubrir online en <https://cutt.ly/ykoM6I3> ou na páxina web municipal ([www.sada.gal](http://www.sada.gal)). Tamén haberá a opción de enviar o formulario cuberto á dirección de correo electrónico [cultura@sada.gal](mailto:cultura@sada.gal).
- Os vídeos ou fotografías concursantes, deberán enviarse a [cultura@sada.gal](mailto:cultura@sada.gal) dentro do prazo estipulado no apartado 3.2 destas bases. No asunto do correo electrónico debe constar o título da categoría á que opta; e no corpo do email o título do vídeo ou foto e o nome da persoa representante (mesmos datos, exactos, que figuren no formulario de inscrición). Fotografías en formato JPG e vídeo en mp4 (se pesan moito enviádelos a través de Wetransfer)



## BASES REGULADORAS DO CONCURSO

# ENTROIDO VIRTUAL DE SADA 2021



### 3.2. PRAZOS DE INSCRICIÓN

- O prazo de inscrición e de recepción de vídeos e fotografías permanecerá aberto desde o día de publicación destas bases na páxina web do concello, ata o domingo 21 de febreiro ás 23:59.

### 4. DESCRICIÓN DAS CATEGORÍAS E NORMAS DE PARTICIPACIÓN

**4.1.** Todas as persoas participantes menores de idade deberán contar con autorización materna/paterna ou de titor/a ao cargo. Esta condición será esixida no formulario de inscrición.

**4.2. Establécense 3 categorías:**

- *Categoría Chirigotas.* Creación e interpretación dunha canción satírica, acompañada de caracterización das persoas participantes e dunha posta en escena e/ ou coreografía. Sen límite de participantes e con temática libre. Deberá presentarse en formato vídeo e non poderá ter unha duración superior a 8 minutos.
  - *Categoría Tik Tok.* Creación dun vídeo en formato Tik Tok, de temática libre pero vencellada ao Entroido. Sen límite de participantes. No vídeo debe aparecer, mínimo un dos seguintes obxectos (ou todos eles) empregados dun xeito inusual á súa utilidade habitual: fregona, tixola, lámpada, esponxa de baño.
  - *Categoría Balcóns Entroideiros.* Decoración entroideira de balcóns, terrazas, fachadas ou xanelas. Debe presentarse en formato foto.
- A organización poderá descartar do concurso a aqueles participantes que exhiban palabras ou actitudes que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou de mal gusto, tanto cara o público como cara a organización.

### 5. SELECCIÓN DAS PERSOAS GAÑADORAS

**5.1. Primeiros premios de cada categoría.**

- Os primeiros premios de cada unha das categorías serán outorgados polo público xeral. Para isto contabilizaranse o número de “Gústame” que recibe a publicación do vídeo ou da fotografía no perfil do Facebook da OMIX de Sada.
- As fotos e os vídeos publicaranse ao mesmo tempo, durante a tarde do luns 22 de febreiro e a votación estará habilitada desde ese mesmo momento ata o domingo 28 ás 23.59



## BASES REGULADORAS DO CONCURSO

# ENTROIDO VIRTUAL DE SADA 2021



- Todos os premios daranse a coñecer o 1 de marzo, luns. Publicaremos o nome das persoas gañadoras, de cada categoría, no perfil de Facebook da OMIX de Sada e contactaremos con elas mediante chamada telefónica para acordar a recollida dos premios.

### 5.2. Segundos e terceiros premios de cada categoría.

- Os Segundo e os terceiros premios de cada categoría serán outorgados por un xurado formado por 3 persoas.
- xurado deberá valorar, segundo cada categoría:
  - *Categoría Chirigotas :*
    - A orixinalidade e simpatía da Chirigota.
    - A estética, a orixinalidade e creatividade dos disfraces.
    - A posta en escena (acompañamento con coreografías, instrumentos...).
    - Detalles da maquillaxe, máscaras e demais complementos propios do Entroido.
  - *Categoría Tik Tok:*
    - A inclusión dos elementos (fregona, tixola, lámpada , esponxa de baño) dun xeito orixinal.
    - A estética, a orixinalidade e creatividade dos disfraces.
    - A posta en escena (acompañamento con coreografías, instrumentos...).
    - Detalles da maquillaxe, máscaras e demais complementos propios do Entroido.
  - *Categoría Balcóns entroideiros:*
    - A orixinalidade e estética do decorado.
- Cada criterio valorarase de 0 a 10 puntos para obter unha puntuación final.
- Os premios outorgaranse segundo as puntuacións totais obtidas, despois da suma das valoracións parciais de cada compoñente do xurado.
- xurado deberá presentar a súa resolución o xoves 25 de febreiro antes das 14:00.



## BASES REGULADORAS DO CONCURSO

# ENTROIDO VIRTUAL DE SADA 2021



## 6. PREMIOS.

### 6.1. Premios segundo categorías:

- Categoría Chiriqotas:

1º premio: Nuevo Apple iPad 10.2 (2020) 128 GB + funda rígida

2º premio: Robot aspirador y friegasuelos iRobot Roomba Combo + lote de xogos de mesa e gominolas.

3º premio: Robot de cocina Moulinex HF4SPR30 ClickChef.+ lote de xogos de mesa e gominolas

- Categoría Tik Tok:

1º premio: Consola Nintendo Switch 2019

2º premio: Curso de diseño e impresión 3D + curso de Electrónica Dixital en Tecnoaula360.  
(4 meses de duración cada un)

3º premio: Drone DJI Tello

- Balcóns Entroideiros:

1º premio: Suscripción anual a HBO e tarxeta regalo de 50€ en Netflix

2º premio: Cestón de gominolas e produtos gourmet

3º premio: Cesta de gominolas e produtos gourmet

## 7. FISCALIDADE

Os premios poderían estar suxeitos a retencións fiscais, polo que se tomarán as medidas seguintes:

- **BENEFICIARIAS:** o premio imputarase a efectos fiscais entre as persoas beneficiarias. Entenderase que o premio será desfrutado ou equitativamente entre as persoas integrantes do grupo.
- **DOCUMENTACIÓN:** cada grupo premiado deberá designar a un máximo de 10 persoas como beneficiarias a efectos fiscais. A organización facilitará un formulario no seu momento para realizar esta designación.



## BASES REGULADORAS DO CONCURSO

# ENTROIDO VIRTUAL DE SADA 2021

**SADA**  
Concellería de Cultura

- **MENORES DE IDADE:** os menores de idade que resulten premiados nalguna categoría deberán presentar o seu DNI para a tramitación do premio. En caso de que aínda non dispoñan do documento serán as nais/pais/titores as beneficiarias do premio.

### **8. CONFORMIDADE**

Todas/os participantes, polo feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

### **9. ÓRGANO COMPETENTE**

O órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento derivado das presentes bases será a Alcaldía.

*En Sada na data da sinatura dixital.*

Asdo.:

Paola Mondaca González  
Concelleira de Cultura  
Concello de Sada